

RESOLUCIÓN DA CONCELLEIRA DELEGADA DE URBANISMO

ASUNTO: Cese actividade e reposición da legalidade TOCA SALGADO, S.L. -Rep. 2/2021

EXPEDIENTE: 2021/G003/001051

Considerando que, o arquitecto municipal, en data 10 de setembro de 2020, en relación coa licenza municipal de apertura dunha canteira, planta de trituración, clasificación e ensilado, emite o informe que se reproduce a continuación:

ANTECEDENTES:

Con data 11 de agosto de 1978 O Alcalde do Concello de Teo resolve conceder licenza definitiva de actividade a Camilo Carballal S.L. para a instalación dunha canteira, planta de trituración, clasificación e ensilado, e planta de formigón en Casalonga.

Na concesión da licenza se determina que se deberá dar cumprimento as observacións que no seu informe sinala a Comisión Provincial de Servizos Técnicos.

Con data 14 de xullo de 1978 dona M^a del Amparo de Navasques y de Pablos en calidade de Secretaria da subcomisión provincial de saneamento certifica que na sesión celebrada por esa subcomisión se acordou clasificar a actividade de canteira, planta de trituración, clasificación e ensilado, e planta de formigón en Casalonga como molesta, insalubre e perigosa condicionando o outorgamento da licenza ao cumprimento dos seguintes requisitos:

- A. *Por el carácter de MOLESTA de la actividad, y a los efectos de corregir las molestias que pudiera ocasionar la producción de polvo y los ruidos:*
- a) *La instalación de machaqueo habrá de estar totalmente cubierta y cerrada;*
 - b) *Deberá disponer de una instalación de riego continuo y automático con atomización de agua sobre la planta de maquinaria de machaqueo y cribado, así como sobre las cintas de transporte del material*

- c) *En épocas de estiaje deberán regarse las zonas de maniobra de las máquinas para evitar la producción de polvo*
 - d) *La maquinaria deberá estar bien ajustada, con bancadas de cimentación adecuadas y aisladas del resto de las estructuras.*
- B. *Por el carácter de INSALUBRE de la actividad, y a fin de evitar posible contaminación de aguas residuales:*
- a) *Las aguas residuales resultante del lavado de la hormigonera, del lavado de los vehículos de transporte, y en general las sucias que salen del riego de la planta de machaqueo, deben ser recogidas;*
 - b) *Para ello se procederá en el plazo de 30 días a la construcción de un muro de contención de las arenas depositadas en la plaza de la planta de hormigón, a fin de que éstas no discurran por los caminos y fincas próximas, sobre todo en los días de intensas lluvias o del lavado de camiones u otras máquinas*
- C. *Por el carácter de PELIGROSA de la actividad derivadas de indispensable uso y manejo de explosivos*
- a) *Se tendrá especial cuidado en los avisos acústicos y bloqueo de caminos*
 - b) *Se emplearán chapas y redes de protección*
 - c) *Se tendrá especial cuidado en el taqueo, para evitar proyecciones de piedras*
 - d) *Para el caso de grandes voladuras, se avisarán previamente, como es reglamentario*

Por último, se hace constar que las medidas correctoras que se especifican como necesarias para concesión de la licencia, son independientes y complementarias de las contenidas en el proyecto, que según se ha indicado, se estiman aceptables.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- *Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de octubre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana (TRLRUR).*
- *Ley 2/2016, de 10 de febrero, de Suelo de Galicia (LSG).*
- *Ley 39/2015, de 1 de octubre, de Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas (LPA).*
- *Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases de Régimen Local (LRBRL).*

- *Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (RLSG).*
- *Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECEG).*
- *Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos (RAEAP).*
- *Orde de 04.06.2010 da Consellería de de medio ambiente, territorio e infraestruturas de aprobación do Plan Xeral de Ordenación Urbana (en adiante, PXOU) de Teo, cuxa normativa se publicaría no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña de 20.07.2010.*

PRESUNTA INFRACCIÓN URBANÍSTICA E CONDICIÓNS URBANÍSTICAS

Na visita de comprobación realizada por este técnico con data 02.09.2021 e no volo realizado pola policía municipal de Teo sobre a parcela en cuestión con data 31.08.2021 pode observarse que non estase dando cumprimento as condicións que fixa a licenza concedida, mais concretamente as fixadas pola subcomisión provincial de saneamento, non existindo ningunha edificación na que se realice o machaqueo de maneira cuberta e pechada, non existindo instalación de rega contínuo e automático con atomización de auga sobre a planta de maquinaria, non existe construción dun muro de contención das areas depositadas...

O proxecto achegado no seu día en ningún caso supón un documento técnico completo, todo iso sen entrar en maiores concrecións sobre incumprimentos da lexislación sectorial vixente.

SOMETEMENTO A TITULO HABILITANTE DA ACTIVIDADE

A actividade está suxeita ao deber de obtención de título habilitante urbanístico e a respectar o contido do mesmo e da documentación no que se ampara (artigo 142 la Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en relación co artigo 351 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do solo de Galicia, artigo 24 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia).

O artigo 27.3 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia contén o seguinte teor literal: “ Será, en todo caso, necesaria unha nova comunicación previa, en cumprimento dos requisitos do artigo 24 desta lei, nos casos de modificación da clase de actividade, cambio de localización, reforma substancial dos locais, instalacións ou calquera cambio que implique unha variación que afecte a seguridade, salubridade ou perigosidade do establecemento”.

A actividade realizada non se axusta a licenza data 11 de agosto de 1978 concedida a Camilo Carballal S.L., e autorizada por acordo da alcaldía.

PROCEDIMENTO

O artigo 28.3 da Lei 9/2013, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, dispón que para o establecemento da legalidade en materia de actividades seguirase o procedemento para a protección da legalidade previsto na normativa urbanística.

O presente procedemento de protección da legalidade urbanística tramítase conforme o disposto nos artigos 152 da LSG, e 379 e seguintes do RLSG, coas seguintes consecuencias na resolución que poña fin ao procedemento:

- Se os usos non son legalizables por seren incompatibles co ordenamento urbanístico, acordarase a cesación deles. En caso de incumprimento da orde de cese, a Administración procederá á execución subsidiaria da mesma ou á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas, reiterables mensualmente ata logra-la execución polo suxeito obrigado, en contía de 1.000 a 10.000 euros cada unha (art. 152.6 da LSG).
- Se os usos son legalizables por seren compatibles co ordenamento urbanístico, requirirase a persoa interesada para que no prazo de tres meses presente a solicitude da oportuna licencia ou comunicación previa/declaración responsable correspondente, manténdose a suspensión das obras e usos en tanto esta non sexa outorgada ou non se presente a comunicación previa.
- Se os usos non se axustan ás condicións sinaladas no título habilitante, ordenaráselle á persoa interesada que as axuste no prazo de tres meses,

prorrogables por outros tres por petición desta, sempre que a complexidade técnica ou envergadura das obras que haxa que realizar o xustifique.

Todo o anterior, sen prexuízo da imposición da sanción que proceda no seu caso tras a tramitación do correspondente procedemento sancionador.”

Considerando que, de conformidade co disposto no artigo 152 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e concordantes do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento de dita Lei (RLSG), no caso de que se estivese realizando algún acto de uso do solo ou do subsolo sen título habilitante esixible en cada caso ou sen axustarse ás condicións sinaladas no mesmo, a persoa titular da alcaldía dispoñerá a suspensión inmediata de ditos actos e procederá a incoar o expediente de reposición da legalidade, comunicándollo ao/s interesado/s.

Co acordo de suspensión adoptaranse as medidas cautelares precisas para garantir a total interrupción da actividade, tales como o precintado das obras, a retirada de materiais e maquinaria, a suspensión de subministros ou a execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas por importe de 1.000 a 10.000 euros, reiterables ata conseguir o cumprimento da orde de paralización, e calquera outra medida que sexa conveniente en pro da efectividade da suspensión.

En virtude do exposto, por delegación da alcaldía (res. núm. 524, do 3 de xullo de 2019), e no uso das competencias atribuídas pola lexislación vixente en materia de legalidade urbanística e de conformidade co artigo 152 da LSG e concordantes do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o RLSG, e artigo 53 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

RESOLVO:

Primeiro.- Dispoñer o cese inmediato da actividade de apertura dunha canteira, planta de trituración, clasificación e ensilado, situada na estrada Casalonga – A Ramallosa s/n, Casalonga, parroquia de Calo, sen o correspondente título habilitante, sendo GRUPO TOYSAL S.L. a entidade promotora.

Segundo.- Incoar expediente de reposición da legalidade urbanística a cuxo fin se lle concede, conforme ao establecido no artigo 82.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, un prazo de quince días para alegar e presentar os documentos e xustificacións que estime pertinentes.

Terceiro.- Inscribir no Rexistro da Propiedade a incoación do expediente ao que se refire o presente, de acordo co establecido nos artigos 65.1c) e 67 do Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 31 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación urbana.

Cuarto.- Notificar o presente aos interesados con sinalamento dos recursos procedentes.

Quinto.- Dar conta do presente, aos efectos oportunos, á Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, á Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, e Augas de Galicia.

Sexto.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Teo, asinado, polas persoas que se detallan a continuación, na data da sinatura dixital que figura na marxe.

A concelleira de urbanismo,
Uxía Lemus de la Iglesia

A secretaria acctal., que dou fe
María Elena Sueiro Fernández